XUNTA DE GALICIA

CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL POLITÉCNICO DE SANTIAGO

Cofinanciado por la Unión Europea

Erasmus+
Enriqueciendo vidas, abriendo mentes.



DO POLITÉCNICO A EUROPA

SÓ HAI UNHA PORTA.
ATRÉVETE A ABRILA.

Guía Erasmus+

para o persoal do centro

Mobilidades para formación · KA131-HED

XUNTA DE GALICIA | CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL POLITÉCNICO DE SANTIAGO | Cofinanciado por la Unión Europea | Erasmus+
Enriqueciendo vidas, abriendo mentes.



QUE SIGNIFICA KA131-HED?

O CÓDIGO EN TRES PARTES

KA1	Acción Clave 1: mobilidade para a aprendizaxe
131	Proxectos de mobilidade de educación superior con fondos de política interior
HED	Higher Education: Educación Superior

PROXECTOS DO CENTRO

2025-1-ES01-KA131-HED-000321549

2026-1-ES01-KA131-HED-000446456

QUE APORTA UNHA MOBILIDADE ERASMUS+?

ACTUALIZAR COMPETENCIAS
Aprender novas prácticas e metodoloxías

COÑECER OUTRAS REALIDADES
Observar centros, empresas e equipos profesionais

CREAR REDES EUROPEAS
Intercambiar experiencias e establecer colaboracións

COMPARTIR O APRENDIDO
Aplicar no CIFP os coñecementos adquiridos



APRENDER FÓRA PARA MELLORAR O NOSO CENTRO

XUNTA DE GALICIA | CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL POLITÉCNICO DE SANTIAGO

Cofinanciado pola Unión Europea | Erasmus+ Enriquecendo vidas, abrindo mentes.

MOBILIDADE ERASMUS+ PARA FORMACIÓN DO PERSOAL

PRAZAS PREVISTAS

2-4

PODERÁ HABER ALGUNHA PRAZA MÁIS SE O ORZAMENTO O PERMITE

A cifra final dependerá do custo das mobilidades do alumnado e dos destinos escollidos.

REPARTICIÓN ORIENTATIVA

- 2026: **2-3 prazas**
- 2025: **1 praza**

QUEN PODE PARTICIPAR?

Persoal do CIFP Politécnico de Santiago vinculado á Educación Superior

D | **PERSOAL DOCENTE**
Profesorado que imparte ou desenvolve actividades vinculadas aos ciclos de grao superior.

N | **PERSOAL NON DOCENTE**
Persoal de administración, xestión, coordinación, orientación ou outros servizos, sempre que a formación sexa pertinente para as súas funcións.

UN REQUISITO COMÚN
A actividade debe estar relacionada co posto de traballo e ter obxectivos de aprendizaxe definidos.

NON É UNHA MOBILIDADE EXCLUSIVA PARA PROFESORADO | Erasmus+ permite a mobilidade para formación do persoal das institucións de educación superior.

Previsión de prazas do centro · Guía Erasmus+ 2026, KA131-HED

XUNTA DE GALICIA
CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL POLITÉCNICO DE SANTIAGO
Cofinanciado por la Unión Europea
Erasmus+
Enriqueciendo vidas, abriendo mentes.



COMO PODE DESENVOLVERSE UNHA MOBILIDADE PARA FORMACIÓN?

KA131-HED · Staff Mobility for Training

1. QUE ACTIVIDADE PODO FACER?

APRENDIZAXE POR OBSERVACIÓN
Observar o traballo doutros profesionais e coñecer boas prácticas aplicables ao CIFP.

CURSOS E FORMACIÓN
Participar en formación estruturada e relacionada coas funcións profesionais.

2. ONDE PODO FACELA?

CENTRO DE EDUCACIÓN SUPERIOR
Intercambio de prácticas e metodoloxías.

EMPRESA
Aprendizaxe técnica e procesos de traballo.

OUTRA ORGANIZACIÓN ADMISIBLE
Entidade pública ou privada vinculada aos obxectivos da formación.

Estes ámbitos son exemplos de destino, suxeitos á elixibilidade de Erasmus+ e á aprobación institucional.

IMPORTANTE: A actividade debe ter obxectivos de aprendizaxe claros. A simple asistencia pasiva a conferencias non é admiisible como mobilidade para formación.

Fonte: Guía Erasmus+ 2026 · Mobilidade de persoal de educación superior

XUNTA DE GALICIA | CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL POLITÉCNICO DE SANTIAGO | Cofinanciado por la Unión Europea | Erasmus+ Enriqueciendo vidas, abriendo mentes.

A QUE PAÍSES PODE VIAXAR O PERSOAL?

Destinos para formación · Erasmus+ KA131-HED

1 PAÍSES DA UNIÓN EUROPEA (UE)

27 PAÍSES



- Alemaña
- Austria
- Bélxica
- Bulgaria
- Chequia
- Chipre
- Croacia
- Dinamarca
- Eslovaquia
- Eslovenia
- España
- Estonia
- Finlandia
- Francia
- Grecia
- Hungría
- Irlanda
- Italia
- Letonia
- Lituania
- Luxemburgo
- Malta
- Países Baixos
- Polonia
- Portugal
- Romania
- Suecia

2 PAÍSES ASOCIADOS AO PROGRAMA

6 PAÍSES

- Islandia
- Liechtenstein
- Macedonia do Norte
- Noruega
- Serbia
- Turquía

3 TERCEIROS PAÍSES NON ASOCIADOS

MOBILIDADES INTERNACIONAIS KA131-HED

EXEMPLOS POR REXIÓNS



- **Rexión 14:** Reino Unido, Suíza
- **Rexión 1:** Albania, Bosnia e Hercegovina, Kosovo, Montenegro
- **Rexión 2:** Armenia, Acerbaixán, Moldavia, Ucrania
- **Rexión 3:** Marrocos, Exipto, Tunisia, Xordania
- **Rexión 5:** Xapón, China, India, Corea do Sur
- **Rexión 10:** México, Brasil, Arxentina, Chile

REQUISITO: entidade de acollida admisible e actividade formativa pertinente.

ORZAMENTO INTERNACIONAL PREVISTO

Proxecto 2025: 20 % estimado

Proxecto 2026: 15 % estimado

Porcentaxes previstas nos anexos dos convenios; non son fondos garantidos nin reservados ao persoal.

Límite xeral KA131-HED: ata o 20 % da subvención para mobilidade internacional saínte. Non se financian destinos a Rusia nin Bielorrusia.

XUNTA DE GALICIA | CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL POLITÉCNICO DE SANTIAGO | Cofinanciado por la Unión Europea | Erasmus+ Enriqueciendo vidas, abriendo mentes.

ERASMUS+ KA131-HED: CANTO RECIBE O PERSOAL?

Job shadowing e cursos de formación · Axudas 2025 e 2026

AS DÚAS MODALIDADES TEÑEN O MESMO SISTEMA DE AXUDAS

1 AXUDA PARA VIAXE

Distancia	*Ecolóxico*	*Non ecolóxico*
10–99 km	56 €	28 €
100–499 km	285 €	211 €
500–1.999 km	417 €	309 €
2.000–2.999 km	535 €	395 €
3.000–3.999 km	785 €	580 €
4.000–7.999 km	1.188 €	1.188 €
8.000 km ou máis	1.735 €	1.735 €

2 APOIO INDIVIDUAL POR DÍA

Grupo 1 · custo de vida alto *(ex.: Alemaña, Francia, Italia)*	120–190 €/día
Grupo 2 · custo de vida medio *(ex.: Portugal, Grecia, Malta)*	105–170 €/día
Grupo 3 · custo de vida máis baixo *(ex.: Polonia, Croacia, Turquía)*	90–148 €/día
Outras rexións 1–3 e 5–12 *países terceiros non asociados*	190 €/día

Días 1–14: tarifa completa · Días 15–60: 70 %

3 JOB SHADOWING OU CURSO?

OBSERVACIÓN

CURSO ESTRUTURADO

Mesma fórmula: viaxe + apoio individual.

Non hai unha axuda adicional automática para taxas de matrícula nos anexos KA131-HED.

AXUDA TOTAL = axuda de viaxe + apoio individual polos días financiados

Tarifas de referencia por custo de vida do destino. A tarifa concreta fíxase para cada proxecto. Fontes: anexos 2 e 3 de 2025 e 2026.

XUNTA DE GALICIA | CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO | Cofinanciado pola Unión Europea | Erasmus+

COMO SE SELECCIONA O PERSOAL?

Criterios de valoración · Curso 2026–2027

BAREMO TOTAL: 100 PUNTOS

Antigüidade no centro	10 puntos
Competencia lingüística	15 puntos
Colaboración na internacionalización	25 puntos
Non participación previa en mobilidades	15 puntos
Proxecto de mobilidade	20 puntos
Captación de entidades de acollida	15 puntos



O baremo aplícase cando a demanda supere a oferta de prazas.

Fonte: Anexo I · Criterios de selección do persoal · Curso 2026–2027

XUNTA DE GALICIA | CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL POLITÉCNICO DE SANTIAGO | Cofinanciado pola Unión Europea | Erasmus+ Enriquecendo vidas, abriendo mentes.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Só cando a demanda supera a oferta de prazas

PUNTUACIÓN MÁXIMA: 100 PUNTOS

1 | ANTIGÜIDADE NO CENTRO

MÁX. 10 PUNTOS

< 1 ano: 0 pt
1 a < 3 anos: 3 pt
3 a < 5 anos: 5 pt
5 a < 10 anos: 7 pt
10 anos ou máis: 10 pt

Servizo efectivo no centro. Non excluínte.

2 | COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

MÁX. 15 PUNTOS

A1: 1 · A2: 2
B1: 5 · B2: 9
C1: 12 · C2: 15

Só linguas estranxeiras; súmanse ata 15 pt.
Galego e castelán non computan.

3 | COLABORACIÓN INTERNACIONAL

MÁX. 25 PUNTOS

5 puntos por cada mobilidade entrante
Ata 5 mobilidades acreditadas

Colaboración efectiva e acreditada no último ano.
Non conta a mera asistencia.

4 | MOBILIDADES PREVIAS

MÁX. 15 PUNTOS

Ningunha mobilidade: 15 pt
Unha mobilidade: 10 pt
Dúas mobilidades: 5 pt
Tres mobilidades: 0 pt

Mobilidades realizadas nos tres cursos anteriores.

5 | PROXECTO DE MOBILIDADE

MÁX. 20 PUNTOS

Xustificación e adecuación: 4 pt
Obxectivos e aprendizaxes: 4 pt
Planificación e viabilidade: 4 pt
Aplicación e transferencia: 4 pt
Seguimento e prioridades: 4 pt

5 apartados · de 0 a 4 puntos cada un.

6 | ENTIDADES DE ACOLLIDA

MÁX. 15 PUNTOS

1 entidade nova: 5 pt
2 entidades: 10 pt
3 ou máis: 15 pt

Vixencia: ata 24 meses sen mobilidade saínte.
Ao realizar unha mobilidade, os puntos consómense.

COMITÉ DE SELECCIÓN

Comité integrado por:
Dirección (presidencia) · Xefatura de Relación con Empresas
Xefatura de Información e Orientación Profesional · Xefatura de Calidade e Innovación
Coordinación de Programas Internacionais

EN CASO DE EMPATE

1. Maior puntuación en colaboración internacional · 2. Maior puntuación no proxecto
3. Menor número de mobilidades saíntes previas · 4. Sorteo documentado

Proceso público, equitativo e documentado. Requisitos e prazas concretados na convocatoria.

XUNTA DE GALICIA | CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL POLITÉCNICO DE SANTIAGO | Cofinanciado pola Unión Europea | Erasmus+

PROCEDEMENTO PARA SOLICITAR A TÚA MOBILIDADE

Erasmus+ · Persoal do CIFP Politécnico de Santiago

Convocatoria 2026–2027

ETAPA	DESCRICIÓN	DATA PREVISTA
1. PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE	Presenta a solicitude no formulario da web do centro: https://politecnicodesantiago.es/formulario_persoal_2026_2027	**Ata o 11 de decembro de 2026**
2. ENTREGA DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA	Crearase unha aula virtual específica para as solicitudes do persoal do centro: **«26PRINT_PERSOAL DO CENTRO».** Tras formalizar a solicitude, serás matriculado/a nun prazo máximo de 48 h. Despois poderás subir a documentación xustificativa e acreditativa.	**Ata o 15 de decembro de 2026, ás 23:59 h**
3. LISTAXE PROVISIONAL	Publicación no taboleiro e na web do centro da listaxe provisional de persoas admitidas.	**11 de xaneiro de 2027**
4. RECLAMACIÓNS E EMENDA DE ERROS	Prazo para presentar reclamacións ou emendar erros da listaxe provisional.	**Do 11 ao 13 de xaneiro de 2027**
5. LISTAXE DEFINITIVA	Publicación no taboleiro e na web do centro da listaxe definitiva de persoas admitidas.	**13 de xaneiro de 2027**
6. PREPARACIÓN DA MOBILIDADE	Xestión da documentación e dos trámites necesarios para preparar a mobilidade.	**De xaneiro a marzo de 2027**
7. REALIZACIÓN DA MOBILIDADE	Estancia de formación en empresas ou entidades europeas segundo o destino asignado.	**De febreiro a setembro de 2027**

IMPORTANTE: a solicitude e a documentación teñen prazos diferentes

XUNTA DE GALICIA | Cofinanciado pola Unión Europea | Erasmus+ Enriquecendo vidas, abrindo mentes. | CIFP Politécnico de Santiago

DOCUMENTACIÓN QUE DEBES SUBIR Á AULA VIRTUAL

Solicitudes de mobilidade do persoal · 2026–2027

PRAZO LÍMITE: 15 DE DECEMBRO · 23:59 H

Aula Virtual: 26PRINT_PERSOAL DO CENTRO

1. **CERTIFICADO DE SERVIZOS EFECTIVOS NO CENTRO**
   Certificado que acredite a antigüidade e os servizos prestados no CIFP Politécnico de Santiago.
2. **ACREDITACIÓN DA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA**
   Certificados oficiais dos niveis de idioma alegados na solicitude.
3. **ACREDITACIÓN DA COLABORACIÓN COA INTERNACIONALIZACIÓN DO CENTRO**
   Xustificantes das actividades de colaboración realizadas durante o último ano.
4. **PROXECTO DE MOBILIDADE**
   Proposta formativa segundo os cinco criterios da rúbrica de valoración.
5. **ACREDITACIÓN DAS ENTIDADES OU EMPRESAS DE ACOLLIDA**
   Documentos que acrediten a captación ou dispoñibilidade das entidades de acollida alegadas.

IMPORTANTE · Sube os documentos acreditativos na aula virtual antes do remate do prazo.

XUNTA DE GALICIA | CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL POLITÉCNICO DE SANTIAGO | Cofinanciado pola Unión Europea | Erasmus+ Enriquecendo vidas, abrindo mentes.

COMO E CANDO RECIBIREI A AXUDA ECONÓMICA?

Mobilidade Erasmus+ do persoal · CIFP Politécnico de Santiago



A axuda Erasmus+ ingresarase por transferencia bancaria en dous pagamentos.

80 %

AO INICIO DA MOBILIDADE

O primeiro pagamento, correspondente ao 80 % da axuda total, realizarase ao inicio da mobilidade.



20 %

AO REMATAR DA MOBILIDADE

O 20 % restante aboarase unha vez finalizada a mobilidade e tras entregar:

- A documentación final obrigatoria establecida polo centro.
- A reportaxe videográfica da experiencia Erasmus+ requirida polo centro.



O pagamento final está condicionado á entrega correcta da documentación e dos materiais requridos.

XUNTA DE GALICIA
CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL POLITÉCNICO DE SANTIAGO
Cofinanciado pola Unión Europea
Erasmus+
Enriquecendo vidas, abrindo mentes

CENTROS E ENTIDADES EUROPEAS PARA EXPLORAR

Contactos realizados a través do National VET Team · Posibles visitas de formación do persoal

1 AFPMA — FRANCIA

Formación industrial: mecánica, electricidade, mantemento e fabricación.

afpma.fr

2 ANFA — FRANCIA

Asociación de FP para os servizos da automoción e cooperación europea.

anfa-auto.fr

3 EWERS — ESTONIA

FP tecnolóxica: mecatrónica, metal, madeira e outros ámbitos.

ewers.ee

4 Srednja škola Valpovo — CROACIA

Centro de secundaria de FP: electrónica, CNC e electromecánica.

ss-valpovo.hr

5 WinNova — FINLANDIA

FP multidisciplinar: industria, automoción, TIC e servizos.

winnova.fi/en

6 Raseko — FINLANDIA

FP multidisciplinar con innovación educativa e espazos de aprendizaxe.

raseko.fi/en/raseko

Explora as súas webs e valora que visita encaixa cos teus obxectivos de aprendizaxe.

XUNTA DE GALICIA

CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL **POLITÉCNICO DE SANTIAGO**

Cofinanciado pola Unión Europea

Erasmus+
Enriquecendo vidas, abrindo mentes.

PARA MÁIS INFORMACIÓN...

Achégate ao noso punto de atención ou escríbenos por correo electrónico.

MAÑÁS

Martes e xoves

11:30–13:00 h

TARDES

Mércores e venres

18:00–19:30 h

CONSULTAS POR CORREO ELECTRÓNICO

programas.internacionais.cifp.politecnico.santiago@edu.xunta.gal

É posible acordar outro horario previa solicitude por correo electrónico.